

AXUDAS MUNICIPAIS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2020-2021)

A Concellería de Servizos Sociais do Concello de O Grove informa que a **partir do día 1 de xuño e ata o 30 do mesmo mes** estará aberto o prazo de presentación das solicitudes de **axudas municipais para a adquisición de libros e material escolar do vindeiro curso 2020-2021**.

As axudas van dirixidas a Educación Infantil, Ensinanza Primaria e Ensinanza Secundaria Obligatoria.

As axudas concederanse tendo en conta o nivel de ingresos familiares, e será requisito imprescindible cursar estudos en centros sostidos con fondos públicos do concello de O Grove.

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

- *Fotocopia do **DNI** do solicitante.*
- *Fotocopia do **libro de familia** (de todas as follas).*
- *Volante de **empadramento familiar***
- ***Xustificante de ingresos** de todos os membros da unidade de convivencia (preferentemente declaración da renda do exercicio de 2019).*
- ***Xustificante de matrícula.***
- *Contrato/recibo do **aluguer do piso** ou do pagamento da **hipoteca***

A documentación deberá entregarse (previa solicitude de cita)
no SERVIZO de REXISTRO MUNICIPAL

(Edificio Administrativo do Concello. Rúa Alcalde Xacobe Barral Otero nº 3, planta baixa).